

Xestión pública e propaganda: desde a sustentabilidade á transparencia

Gestión pública y propaganda: desde
la sostenibilidad a la transparencia

Public management and propaganda:
from sustainability to transparency



MARÍA GARCÍA AÑÓN

Profesora titular de Ciencia Política e da Administración
Universidade de Santiago de Compostela (Galicia, España)
ecopolevaluacion.anon@usc.es

Recibido: 21/03/2016 | Aceptado: 22/06/2016

Resumo: Este traballo é produto da observación política desde dentro e desde fóra dos feitos aquí formulados: os cantos de serea que a través dos anos pretenderon convencer os cidadáns sobre a bonanza e a vontade de levar a cabo xestións sustentables e transparentes viron truncada a súa imaxe por numerosos casos de corrupción protagonizados por personaxes electos: enganos e estafas, e institucións dos tres poderes non independentes, quebraron a seguridade esperada deles. A corrupción –tanto actual como a descuberta en restos do pasado– deu paso a termos de salvagarda, talvez para recuperar a confianza da poboación, ou para seguir encubriendo as malas prácticas. Aquí imos estudar os termos que se implantaron como retrousos nos distintos gobernos desde 2008, empregados por decisores públicos que trataron de convencer os cidadáns utilizándoos a xeito de aval e mesmo dando apoio xurídico aos de “sustentabilidade”, “austeridade” e “transparencia”. Non se trata de cuestionar nin ideoloxías nin actuacións, senón de aproximarnos a cando se empregan os mencionados retrousos para ocultar malas xestións que contribuíron á crise actual.

Palabras clave: xestión pública, avaliación, empoderamento, transparencia, rendición de contas, democracia, propaganda política, crise, sustentabilidade, austeridade, corrupción.

Resumen: Este trabajo es producto de la observación política desde dentro y desde fuera de los hechos aquí planteados: los cantos de sirena que a través de los años pretendieron convencer a los ciudadanos sobre la bonanza y la voluntad de llevar a cabo gestiones sostenibles y transparentes vieron truncada su imagen por numerosos casos de corrupción protagonizados por personajes electos: engaños y estafas, e instituciones de los tres poderes no independentes, quebraron la seguridad esperada de ellos. La corrupción –tanto actual como la descubierta en restos del pasado– ha dado paso a términos de salvagarda, tal vez para recuperar la confianza de la población, o para seguir encubriendo las malas prácticas. Aquí vamos a estudiar los términos que se implementaron como muletillas en los distintos gobiernos desde 2008, empleados por decisores públicos que han tratado de convencer a los ciudadanos utilizándolos a modo de aval e incluso dando respaldo jurídico a los de “sostenibilidad”, “austeridad” y “transparencia”.

No se trata de cuestionar ni ideoloxías ni actuacións, sino de aproximarnos a cuando se emplean las mencionadas muletillas para ocultar malas gestiones que han contribuído a la crisis actual.

Palabras clave: gestión pública, evaluación, empoderamiento, transparencia, rendición de cuentas, democracia, propaganda política, crisis, sostenibilidade, austeridad, corrupción.

Abstract: This piece of work is the product of the political observation both from inside and outside the facts here analysed. The sirens' songs that across time tried to convince citizens on the prosperity and willingness to accomplish sustainable and transparent negotiations saw its image truncated by numerous cases of corruption headed by noticeable politicians. Frauds and swindles, and institutions of the not truly independent three powers have put into question the protection expected from the public servants. Corruption both current and past has been followed by terms of safeguard, aiming to recover the lost confidence, or to continue concealing bad practices. Here, the terms that were implemented as mantras in the different governments from 2008 are studied. Public decision-makers have tried to persuade citizens by using terms as 'sustainability', 'austerity' and 'transparency'. The objective is neither to question ideologies nor actions but to understand when the above-mentioned terms are used in order to hide cases of bad management that have contributed to the present crisis.

Key words: public management, evaluation, empowerment, transparency, accountability, democracy, political propaganda, crisis, sustainability, austerity, corruption.

Sumario: 1 Introducción. 2 Parte xeral. 2.1 O onte e o hoxe da propaganda política. 2.2 A mensaxe-propaganda como corrupción. 3 Primeira parte. 3.1 O envoltorio das promesas electorais. 3.2 Slogans. 3.3 Mensaxes irrealis sobre a crise económica española. 4 Segunda parte. Os mantras políticos. 4.1 Sostenibilidade. 4.2 Austeridade. 4.3 Transparencia. 5 Terceira parte. Especial referencia á transparencia. 5.1 A transparencia como norma. 5.2 Apoio xurídico da transparencia. 5.3 Referencia á lexislación galega sobre transparencia. 6 A modo de conclusión. 7 Bibliografía. 8 Hemeroteca. 9 Anexo. Avaliación da Lei de transparencia.

1 INTRODUCCIÓN

A Conferencia das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e o Desenvolvemento que tivo lugar en Río de Janeiro en 1992 puxo de actualidade o termo de “sustentabilidade”, defendido con maior ou menor insistencia por políticos dunha ou doutra cor ao longo das campañas e compromisos electorais. Na crise económica de España, a “austeridade” é o termo que pasou a substituír, ou polo menos a acompañar, o anterior citado.

Sexa a través de discursos ou roldas de prensa, este traballo fai un percorrido polo que supuxo a repercusión mediática na utilización dos ditos termos utilizados a xeito de comodín e introducidos en boa parte das mensaxes difundidas por José Luis Rodríguez Zapatero, do Partido Socialista Obrero Español (PSOE), presidente do Goberno español de 2004 a 2011 (o 20 de novembro de 2011, Rubalcaba era quen, atopándose á fronte do PSOE, perde as Eleccións Xerais); e Mariano Rajoy Brey, do Partido Popular (PP), presidente do Goberno español (lexislatura 2011-2015) e do PP. Ambos os dous termos, co seu contido de verdades e mentiras, enfrontáronse ao terceiro concepto de “transparencia”, que se veu sumar e solapar aos anteriores debido ao clamor popular contra os casos de corrupción política e económica. Pero, malia que gran número de imputados foron descubertos no seo de partidos políticos e mesmo sindicatos, adoitan ser contemplados con benevolencia polos seus dirixentes e amparados por numerosos e variados clientelismos, chegando a ser colocados de novo como candidatos nas listas electorais ou situados en postos con ganancias millonarias aos cales acceden a través das chamadas “portas xiratorias”, librándose da responsabilidade civil/penal/política por prescrición dos feitos, ou por prolongación de procesos a aforados.

Fraudes públicas que benefician intereses privados engrosan as listas de personaxes que tiveron ou teñen poder sobre a poboación empobrecida. E é que a democracia non garante a ausencia de corrupción, e os *mantras* séguense sucedendo, como, por exemplo, a petición discursiva pero con pobre reflexión da expresión “rexeneración democrática” utilizada na actualidade a xeito de “caixón de xastre”.

2 PARTE XERAL

2.1 O onte e o hoxe da propaganda política

Utilizando unha formulación maquiavelista, atopámonos con que, tanto para conseguir o poder como para mantelo, o importante para quen o pretende é cativar o electorado coa imaxe e as formas para obter a súa aprobación e fidelidade. Así, Maquiavelo, na súa obra *O Príncipe*, aconséllalle que para conservar o seu trono debe comprender que non lle é posible observar con perfecta integridade o que fai mirar aos homes como virtuosos, xa que con frecuencia, para manter a orde no seu Estado, se ve forzado a obrar contra a súa palabra, contra as virtudes humanitarias ou caritativas e ata contra a súa relixión (...) En xeral, os homes xulgan máis polos ollos que polas mans e, se lles é propio a todos ver, tocar só está ao alcance dun curto número de privilexiados. Cada cal ve o que o príncipe parece ser, pero poucos comprenden o que é realmente e estes poucos non se atreven a contradicir a opinión do vulgo (...) Se logra con acerto o seu fin, teranse por honrosos os medios conducentes a este, pois o vulgo págase unicamente de exterioridades e déixase seducir polo éxito. E como o vulgo é o que máis abunda nas sociedades, os escasos espíritos clarividentes que existen non exteriorizan o que albiscan ata que a inmensa lexión dos torpes non sabe xa a que aterse”.

Aínda que transcorreron cinco séculos desde que en 1513 Nicolás Maquiavelo escribiu estas palabras, pasando despois, ata 1952, pola triunfante campaña de Eisenhower e continuando con encubertas mensaxes subliminais, ata chegar aos actuais debates televisivos, o que se mantén nas campañas e na propaganda política como denominador común a través do tempo é, por un lado, a parte teórica de manipulación das ideas e, por outro, a parte gráfica da construción dunha aparencia e imaxe en que o rostro do candidato político importa máis que o programa que defende. Ambas as dúas sérvense de estratexias baseadas na psicoloxía e na repetición insistente da mensaxe, e nelas subordínase a ética aos resultados, é dicir, coincide co principio de Maquiavelo de que o fin xustifica os medios (mesmo cando se trata doutro fin distinto ao obxecto e cuxo resultado é o de menos, como a foto de inauguración de grandes e custosas obras realizadas con fondos públicos que mesmo non chegaron a estrear).

A iso engadiuse a influencia das redes sociais na comunicación política, mesmo transformándose, debido a que demostraron a súa eficiencia no nacemento e irrupción de novos partidos dispostos a competir e que lograron restarlle nas eleccións votos ao bipartidismo clásico.

2.2 A mensaxe-propaganda como corrupción

Un contrato é un acordo de vontades entre dúas partes que as fai suxeitos de dereitos e obrigas respecto á finalidade a que se comprometen de forma voluntaria. Agora ben, cando unha persoa exerce o seu dereito como cidadán e vota a un partido político para que o governe en función do que este ofrece, se despois, cando consegue o poder e non cumpre o prometido, está a faltar á súa obriga, entre outras, de render contas, polo que converte o cidadán en súbdito

ao obrigalo a aceptar unhas condicións que non son as pactadas previamente e que son mesmo básicas para manter o seu pacto social.

Neste sentido, a propaganda constante e a mercadotecnia son mecanismos que non só se limitan a chamar a atención, senón que, cando a mensaxe é falsa, lle menten ao cidadán-receptor. Mesmo a falta de transparencia e a ocultación de información denotan intención de engano, polo que a utilización de propaganda se converte nun método fraudulento promovido por actitudes corruptas. Como dicía Durandin (Durandin, G., 1990) a mentira na propaganda defínese como: “Facer crer que unha cousa que existe non existe / Facer crer que unha cousa que non existe / Deformar unha cousa que existe”.

Ata hai pouco, asociouse o termo de corrupción a países pobres e gobernos ditatoriais, pero a falta de moralidade que leva consigo esta práctica non está acoutada xeográfica nin economicamente e hoxe en día a percepción cidadá sobre a corrupción dos tres poderes está bastante estendida: a enquisa realizada polo Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) no mes de novembro de 2014 sinala que a corrupción ocupa, despois do paro, o segundo lugar de preocupación dos españois; e, segundo o Índice de Percepción da Corrupción 2014, España ocupa o lugar 60 de entre 174 países, nunha escala de 0 (percepción de altos niveis de corrupción) a 100 (percepción de baixos niveis de corrupción).

José Ugaz, presidente de Transparency International, no Índice de Percepción da Corrupción 2014, expón que “cando líderes e altos funcionarios abusan do seu poder para usar fondos públicos en beneficio propio, o crecemento económico se ve minado e os esforzos por frear a corrupción quedan frustrados”.

Ao falar de percepción por parte dos cidadáns, cabe referirse ao significado que lle atribúe o *Diccionario da Real Academia Española*, que a define como sensación interior que resulta dunha impresión material feita nos nosos sentidos; é dicir, estamos a falar dun sentimento subxectivo do cidadán e que non sempre se corresponde coa realidade obxectiva dos feitos que actúan como referente. Pero cando a dita percepción sobre unha situación de corrupción está moi estendida, significa que a visión da maior parte da poboación se manifesta moi xeneralizada e é coincidente acerca do feito en cuestión, á marxe de que se formase por vía inducida ou libre.

A corrupción supón unha falta de responsabilidade dos profesionais cos seus compromisos deontolóxicos, e a transgresión da moralidade levada a cabo por decisores que se atopan situados na zona alta da pirámide xerárquica pública –e, polo tanto, representan un modelo visible para a cidadanía– esténdese á vida social e privada dos cidadáns, que a mimetizan. Iso provoca na vítima prexudicada un sentimento de impotencia por indefensión, e no corrupto, sensación de impunidade e a crenza de que “todo vale”, ao mesmo tempo que na percepción popular se consolida a sensación de inseguridade e desconfianza cara ás institucións, pondo en perigo o principal soporte da estrutura democrática (García Añón, 2012).

A definición máis utilizada da corrupción é a dun mercado clandestino entre os ámbitos públicos e os ámbitos privados do que obteñen vantaxes os decisores públicos ou similares por medio de instrumentos cuantitativos e cualitativos. Pero, malia a evidencia de prácticas corruptas, resultan dificilmente demostrables e por iso o que denuncia ten a miúdo máis que perder que o denunciado. Así, ademais dos escándalos que rematan aireándose e/ou que acaban sendo aceptados de forma máis ou menos tácita, existen outras prácticas que, aínda que son legais, incumpren principios de ética e equidade.

En canto á utilización dos *mass media* para difundir propaganda política, a Lei orgánica 2/2011 de réxime electoral xeral, no seu artigo 60.1, pasou a prohibir contratar espazos de publicidade electoral nos medios de comunicación de titularidade pública e nas emisións de televisión privada. E é que os minutos de presentación do líder actúan de forma similar a un espazo publicitario, cambiando o desexo de captación de clientes polo desexo de captación de votos, máxime tendo en conta que os partidos políticos están a derivar en partidos atrapaotodo ou *catch-all party* (Kirchheimer, 1966) que subordinan a ideoloxía á adhesión do maior número de votantes.

3 PRIMEIRA PARTE

3.1 O envoltorio das promesas electorais

No *Manual de campaña electoral* da Organización Demócrata Cristiana de América (ODCA, 2006) aparece o seguinte consello para o candidato político: “As mensaxes en que o candidato se queixa dos problemas non teñen sentido, xa que será elixido pola xente para que os solucione, non para que lle recorde cales son. Cómpre crear mensaxes con valor positivo e, de ser posible, asociar o adversario cun valor negativo. Exemplos de valor positivo son a creación de empregos, o crecemento económico, o desenvolvemento humano e social; os valores negativos pasan pola corrupción, a intolerancia, o extremismo. Un contido de valor pode contribuír a aumentar o apoio que se lle dá a un candidato ou partido se o contido simbólico é importante para a xente e esta se identifica cos que os representan. A sociedade ten un concepto sobre o que é bo e o que é malo. Trátase de posicionar con éxito o candidato ao asociar a súa candidatura co valor positivo e o seu adversario co negativo”.

A implantación desta teoría podémola atopar, entre outros exemplos, nas palabras da que foi vicepresidenta do Goberno do PSOE, M.^a Teresa Fernández de la Vega, cando se atopaba de campaña en Valencia o 26 de novembro de 2008, e acudiu a un instituto público para dar unha charla a alumnos de 15 e 16 anos de cuarto da ESO, aos que lles dixo que o presidente Zapatero (PSOE) «representa un modelo que mira ao futuro, polo que ten a mirada positiva, que cre na xente, mentres que o de Mariano Rajoy (PP) é o modelo “do medo”».

A Fundación Compromiso Empresarial, no seu informe *Transparencia, o mellor slogan*, sinala que os partidos políticos non ofrecen resultados das actividades relacionadas coas súas promesas electorais, coidando en cambio aqueles aspectos relacionados coa imaxe do partido.

O slogan político é un lema publicitario compendiado nunha frase que se emite de forma repetitiva para que o cidadán-receptor a identifique cun partido ou líder determinado nun contexto de propaganda que ten por obxecto captar a súa atención e obter o seu apoio ao contido da mensaxe. Adoitan ser frases moi sinxelas que poden entender todas as persoas, sexa cal sexa a súa formación cultural, e no caso de figuraren impresas en carteis teñen pouco texto pero amplo espazo gráfico. A continuación, expónse con máis detalle.

3.2 Slogans

Os slogans de campaña electoral son mensaxes tratadas con frases breves populistas e de contido próximo con fins propagandísticos. Son doados de lembrar e impactan no maior número de persoas (esta proximidade, como di Herreros Arconada (1989), adoita acompañarse

coa imaxe dun líder ao estilo do “*common man*”, ou cidadán “corrente” para que os electores poidan identificarse con el).

Entre os empregados polo PSOE en distintas campañas, cabe citarse: “Vota PSOE. Solucións agora”, “Merecemos unha España mellor”, “Vota con todas as túas forzas”, “Comprometidos coa igualdade”, “Por todo o logrado”, “Motivos para crer”, “Por todo o que paga a pena”, “Soñar cos pés na terra”, “Vivimos xuntos, decidimos xuntos”, “Non é o mesmo”, “Porque o estamos a conseguir”, “Somos máis”, “Polo pleno emprego”, “A oitava potencia económica, a primeira en dereitos sociais”, “Agora que avanzamos, por que retroceder”, “Podemos chegar tan lonxe como queiramos”. O lema xenérico da maior parte deles é: “motivos para crer”, buscando deixar constancia da credibilidade do partido. Por outra banda, a mercadotecnia, buscando un elemento distintivo que potenciar, fixouse nas letras distintivas do apelido de Zapatero, utilizado en numerosas ocasións, por exemplo: “Campaña ZP” e “Con Z de Zapatero”.

En canto a Rajoy, o seu slogan na campaña electoral do PP do 20 de novembro de 2011 “Súmate ao cambio” (na precampaña era: “Empeza o cambio”), foi acusado de coincidir co mesmo slogan que levou a Piñera ao Goberno de Chile. Este slogan foi empregado polo PP con distintas apostilas: “Súmate ao cambio para crear emprego”, “Súmate ao cambio para crecer”, etc., buscando emitir unha mensaxe positiva. Igualmente, criticouse o slogan “Con Rajoy é posible”, de 2008, e a súa similitude co de “Esquerda Unida é posible” de 2007, e mesmo tamén recorda o dun hipermercado: “Con Carrefour é posible”. Por outra parte, Ana Mato, directora da campaña do PP, tamén para a campaña de 2011 presentou o slogan “Empeza o cambio”, que recordaba o de Felipe González na campaña electoral de 1982: “Polo cambio”.

Como vimos, en canto ao acrónimo do apelido de Zapatero, calquera elemento diferenciador aglutina o grupo de seguidores, como por exemplo o saúdo formando un ángulo co dedo por enriba do ollo, a xeito da cella en pico de Zapatero. Tamén son importantes as cores de campaña, e o PSOE, tratando de dar unha imaxe moderada para captar o electorado do centro, escolleu para as eleccións de 2011 un gris azulado e non o vermello (o seu símbolo do puño e a rosa vermella aparece nun segundo plano, se ben a citada campaña difire das anteriores en que, entre outras cousas, parece afastarse da súa mensaxe ilusionante para mostrarse agresiva e invocando o temor se saía triunfante o PP). Todo iso denota a debilidade ideolóxica –típica de partidos atrapaotodo– que, así mesmo, se acusa na debilidade da súa imaxe corporativa.

Tamén hai mensaxes agresivas, como a do PSOE “Pelexa polo que queres” e a de IULV-CA para as eleccións en Andalucía de 2012: “Andalucía, xa é hora, rebélate!”, aínda que os manuais de propaganda política se decantan por aconsellar outro tipo de mensaxes que provoquen tranquilidade nos seus receptores.

3.3 Mensaxes irreais sobre a crise económica española

Se a estratexia dunha campaña electoral precisa coñecer o diagnóstico da realidade política, económica e social, co obxecto de situar o candidato no arco máis amplo de votantes que poidan levalo ao triunfo, as numerosas sondaxes que antes e despois das eleccións se fan sobre o seu posicionamento fronte aos líderes da oposición provoca que exista unha percepción cidadá de propaganda política continuada. Neste seguimento, cabe considerar a teoría sistémica de David Easton, que formula un esquema de retroalimentación (*feedback*) con dúas entradas (*inputs*) que son as demandas e os apoios; cando as demandas son moitas e existe unha corren-

te no ambiente hostil ao sistema, orixina neste un forte estrés ante o cal, se o Goberno non é quen de solucionalo, pode perder o poder, sendo substituído por outro distinto (Easton, 1979).

Talvez cunha dedución reducionista, os feitos que contribuíron a producir un xiro electoral foron os atentados terroristas xihadistas do 11 de marzo de 2004 en catro trens da rede de proximidades de Madrid que en principio o PP atribuíu a ETA, a pesar das probas en contra, polo que foi criticado por falta de transparencia e ocultación de información e tras o que perdeu o Goberno. Por outra banda, a perda do PSOE do Goberno foi acompañada do decaemento da actividade económica que causou a destrución de millóns de postos de traballo desde 2007; hai que mencionar que xa Felipe González Márquez, primeiro presidente do Goberno do PSOE (1982-1996), pronunciou un discurso no Congreso dos Deputados, o 30 de novembro de 1982, en que recoñecía a existencia de crise en España: “Catro son as áreas de problemas en que agrupo os aspectos detallados no noso programa electoral, que é, naturalmente, a base do programa de Goberno, porque só cumprindo aquel responderemos fielmente ao voto maioritario expresado polos españois. Enumerarei así esas catro áreas, para que se poida seguir máis doadamente a miña exposición: a primeira, a loita contra a crise económica e o paro”.

Os postos de traballo séguense destruindo tras o acceso do PP e coa recesión desde o ano 2008, malia o cal, os políticos prometen diminuír o paro laboral e a crise, aínda que é xa imposible escondela e de feito aparece reflectida en leis que recortan dereitos dos traballadores e anulan dereitos adquiridos no pasado, tal como aparece recollido no preámbulo do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Chegados a este punto, cabe entón preguntarse cales son os problemas que mobilizan a opinión pública e poidan desbordar a cantidade de demandas e, ante iso, formularse dúas alternativas: mentir creando unha mensaxe que oculte ou falsee a realidade negativa, ou dicir a verdade e asumir as responsabilidades de malas prácticas realizadas. Pois ben, a crise que sacudiu a economía do Estado español a partir de 2008 e o puxo na situación actual de necesitar algo similar ao rescate por parte de Europa e cuxos dramáticos efectos superarán o ano 2015, por culpa da mala xestión de entidades públicas e financeiras que levou á quebra a empresas (fundamentalmente de construción, que presentaron suspensión de pagamentos) e ocasionou a perda de gran número de postos de traballo, a precariedade no emprego restante, a redución dos servizos sociais e produciu un aumento de suicidios foi interpretada polos gobernos españois, ante os cidadáns, mostrando unha avaliación de danos que os minimizaba, sendo a prensa estranxeira e as declaracións doutros dignitarios os que motivaron a visibilidade mediática da crise real.

Malia este antecedente e a evolución da actual crise desde que comezara a inflarse a burbuja inmobiliaria, o daquela presidente do Goberno, Zapatero, emitiu a seguinte mensaxe, o 16 de outubro de 2007: “Non hai indicio de recesión económica. A economía española ten moi bos fundamentos (...) España ten o mellor sistema financeiro da comunidade internacional”. En febreiro de 2008, dixo: “Non estamos nunha crise económica. Temos algunha dificultade que nos vén de fóra. A fortaleza da nosa economía permitíranos sen dúbida alcanzar o obxectivo de chegar ao pleno emprego”. E o 25 de febreiro de 2008 afirmou: “As contas públicas tiveron superávit todos os anos, 70.000 millóns de euros de superávit, que nos permiten ter unha garantía, unha fortaleza para atender calquera necesidade. A desaceleración non vai ser nin profunda nin prolongada. Vai ser unha desaceleración para a cal o noso país está máis preparado que

ninguén". O 3 de marzo de 2008 asegurou: "Prometo crear 2 millóns de novos empregos". E o 23 de novembro de 2009, na clausura da campaña explicativa sobre a política governamental para afrontar a crise, afirmou que "xa pasou o peor".

Tamén o 11 de febreiro de 2008, Pedro Solbes, entón vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda (2004-2009), afirmaba: "Os que auguran o risco de recesión non saben nada de economía. Estou farto e esgotado pola cantidade de parvadas que oio ultimamente sobre o mundo económico. A economía española crecerá na próxima lexislatura a un ritmo próximo ao 3%, o que permitirá crear 1,6 millóns de novos empregos e manter a taxa de paro arredor ao 8% da poboación activa". Hai que engadir a estas palabras que, segundo o Instituto Nacional de Estadística, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicte que o número de parados rexistrados no INEM en España naquel momento, é dicir, en febreiro de 2008, era xa de 2.315.331 persoas, que foi aumentando a 3.923.603 parados en decembro de 2009, para pasar a 4.100.073 parados en decembro de 2010, a 4.422.359 en decembro de 2011, ata chegar a 4.714.122 en maio de 2012. Esta cifra de persoas sen traballo aumentou un millón en 2014 (o total da poboación española rexistrada en xaneiro de 2014 era de 46.507.760 habitantes).

Como se puido comprobar, a situación nin era nin é prometedora e, ao mesmo tempo que gran número de familias pasaron a padecer escaseza económica, destapáronse numerosos casos de corrupción por malversación do diñeiro público. Ás manifestacións de Grecia e ás protestas árabes nos anos 2010 e 2011, veuse sumar en España a protesta pacífica de miles de cidadáns que o 15 de maio de 2011 se presentaron nunhas sesenta cidades, como "indignados" e organizados a través da plataforma "Democracia real xa!", constituíndose nun movemento cidadán, coñecido tamén como 15-M, contra o dominio dos bancos e a defensa do sistema democrático.

A partir da insistencia de Mariano Rajoy, presidente do Goberno desde o 21 de decembro de 2011, en negar que España tivese que someterse a un rescate económico (10 de xuño de 2012), xerouse que a revista *Time* publicase a frase que tivo ampla repercusión: "Ti dis tomate, eu digo rescate". Así mesmo, acusouse a Mariano Rajoy e a Luis de Guindos, ministro de Economía, de utilizar gran cantidade de eufemismos para intentar convencer de que non hai rescate, tales como "financiamento europeo para a recapitalización dos bancos", "apoio financeiro" e "préstamo en condicións moi favorables", para concluír que "non hai o mínimo rescate ao respecto" (o 18 de xuño de 2012 publicábase que o préstamo de Europa a España sería próximo aos 100.000 millóns de euros). Ademais e contrariamente ao seu programa, o PP subiu os impostos.

As eleccións europeas do 25 de maio de 2014 trouxeron a irrupción do grupo Podemos, apoiado principalmente por votos dos cidadáns desencantados, mentres que respecto ao ano 2009, o PP perdía 8 escaños e 9 o PSOE. Este castigo electoral aos dous partidos maioritarios anunciaba a derivación a un cambio de tendencia en que o PP perdería a maioría absoluta, producíndose a crise do bipartidismo, xa que na previsión de voto para 2015 nas eleccións municipais e autonómicas e nas eleccións xerais xa se manifestaba a ascensión política de novos grupos como o mencionado de Podemos e tamén o de Ciudadanos.

4 SEGUNDA PARTE. OS MANTRAS POLÍTICOS

A retroalimentación entre propaganda, slogans e discursos políticos inclúen palabras que, a xeito de mantras, se repiten buscando obter un efecto de credibilidade ao seren termos que se elixen por estaren avalados pola aceptación popular. Os que aquí imos tratar son: sustentabilidade, austeridade e transparencia.

4.1 Sustentabilidade

O modelo do “desenvolvemento sustentable” foi definido no Informe da Conferencia da ONU sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento (CNUMAD), no “Nosso futuro común” (ou *Informe Brundtland*), celebrada en Río de Janeiro en 1992, como aquel capaz de satisfacer as necesidades das xeracións presentes sen comprometer as posibilidades de xeracións futuras. O dito informe constituíu un fito e tivo inmediata aceptación a escala internacional. Desde entón, o termo de sustentabilidade considérase “politicamente correcto”, como sinónimo de xestión eficiente dos recursos, polo que é utilizado en todos os discursos que buscan respecto, engándose como cualificativo a calquera política pública: “economía sustentable”, “transporte sustentable”, “sanidade sustentable” e un case ilimitado etcétera. E é que a sustentabilidade non pode considerarse unicamente desde o ámbito medioambiental, xa que é unha interrelación de elementos condicionantes, sociais, políticos, económicos, ambientais, culturais e tecnolóxicos que conflúen nun estado resultante (García Añón, 1992 e 2004).

De feito, a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable (LES), que tivo a súa orixe nunha iniciativa lexislativa aprobada no Consello de Ministros de España o 27 de novembro de 2009, foi considerada estrela de lexislatura do PSOE, e Zapatero chegou a dicir, o 23 de novembro de 2009, que esa lei “sacará España da crise”. E o 2 de decembro de 2009 presentou no Congreso a Estratexia de Economía Sustentable, enumerando os cinco elementos “clave” que aborda para acelerar a modernización da economía, e que son “competitividade, sustentabilidade medioambiental, normalización da construción, innovación e formación profesional, e impulso aos sectores emerxentes (...) O Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local, dotado con 5.000 millóns de euros, e o Fondo para a Economía Sustentable, dotado con ata 20.000 millóns de euros en 2010 e 2011”; e incluíu o desenvolvemento dun modelo enerxético sustentable e un programa de investimentos en infraestruturas para o transporte sustentable, referíndose tamén ao sistema de pensións e á Comisión do Pacto de Toledo “para asegurar a súa sustentabilidade e a súa suficiencia a longo prazo”.

Non obstante, os líderes do PP, entón na oposición, criticaron a lei: Mariano Rajoy cualificouna de “sarcasmo”, “xogo malabar”, “truco propagandístico”, “bagatela de cores”, “rótulo luminoso nun soar baleiro”; e nun acto organizado en Salamanca o 27 de novembro de 2009 Rajoy declarou: “a lei é a consecuencia dunha cadea de anuncios que nunca rematan; en maio foi presentada no debate sobre o estado da nación e tivo un grande éxito, conseguiu titulares e grandes portadas, pero ninguén sabía o que era. Hoxe tampouco”. Javier Arenas, vicesecretario de Política Autonómica e Local do PP, considerou a lei un “lema publicitario” onde “non hai nin unha soa reforma profunda para saír da crise”. Hai que sinalar nestas críticas que os cualificativos expresados converxen na idea de considerar que só se trataba dunha manobra de publicidade por parte do PSOE.

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, entendía por tal “un patrón de crecemento que concilie o desenvolvemento económico, social e ambiental nunha economía

produtiva e competitiva que favoreza o emprego de calidade, a igualdade de oportunidades e a cohesión social, e que garanta o respecto ambiental e o uso racional dos recursos naturais, de forma que permita satisfacer as necesidades das xeracións presentes sen comprometer as posibilidades das xeracións futuras para atender as súas propias necesidades”. É dicir, reproduce o mesmo principio de sustentabilidade da CNUMAD, que fai extensible, nos seus artigos 3, 4 e 32, ás administracións públicas, que “adoptarán medidas de simplificación e sustentabilidade da estrutura administrativa e de acceso directo dos cidadáns aos servizos e prestacións públicas garantindo unha actuación ética, eficaz, eficiente e transparente (...), conciliando o avance paralelo e harmonizado do progreso económico coa mellora das prestacións sociais e a sustentabilidade do seu financiamento (...) e actuará de acordo cos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia (...) Para garantir a sustentabilidade orzamentaria, as administracións públicas aplicarán unha política de racionalización e contención do gasto e adecuaranse aos principios de estabilidade orzamentaria, transparencia, plurianualidade e eficacia”.

Acusouse o PSOE de ter sacado esta lei co obxecto de atraer os votantes ecoloxistas aos que se lles presentaba con iso unha opción distinta ao voto de Izquierda Unida. Non obstante, malia a existencia desta lei, en marzo de 2012 descubriuse que os concellos tiñan débedas pendentes con provedores por un importe de 17.000 millóns de euros. Así mesmo, tamén saíu á luz a falta de control do gasto nun gran número de ámbitos públicos, evidenciándose en casos como o do presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) e do Tribunal Supremo, Carlos Dívar, o cal se viu forzado a presentar a súa dimisión (xuño de 2012) debido a que se descubriuse que cargara aos orzamentos do Consello o custo de trinta viaxes de fin de semana por valor de 28.000 euros (non obstante, a Sala Penal do Supremo afirmou que o feito non constituíra ningún acto ilícito e “o baleiro da norma non pode ser agora interpretado de forma restritiva e prexudicial para quen, segundo a normativa existente, non tiña obriga” de xustificar o motivo da viaxe), de feito, existen varios casos que nesta materia se fixeron públicos en 2014 e 2015 sen maiores consecuencias. É dicir, durante o tempo que a lei leva implantada houbo entidades públicas que fixeron caso omiso en canto á sustentabilidade orzamentaria, mantendo unha total opacidade respecto á xestión do seu financiamento e parecendo converter a lei referida nun papel sen valor real e só con utilidade propagandística.

4.2 Austeridade

A austeridade económica é a restrición do consumo que se leva a cabo para frear déficits graves e restablecer o equilibrio por medio dun excedente de ingresos que permita recuperar o aforro e o investimento.

Felipe González Márquez, no seu discurso ante o Congreso dos Deputados o 30 de novembro de 1982, repetiu o termo: “Unha actitude xeral de austeridade, de traballo e de rendemento reduce o inaceptable costume de paliar pola vía das subvencións ou outras axudas públicas os problemas que non se souberon ou non se tivo vontade política de atacar nas súas causas profundas (...) e debemos exercer a maior presión reformadora co fin de que o sector público sirva de exemplo en canto a austeridade, correcta actuación e eficacia. A competencia profesional, o espírito de servizo e a ética deben erixirse, por todos os medios, nos principios inspiradores dos organismos públicos. Soamente cun instrumento que responda aos propósitos e aos fins do Goberno chegarán a ser realidade os nosos proxectos de austeridade, de rendibilidade do gasto

público e de eficacia na promoción das actividades nacionais. (...) A austeridade e o rigor no emprego dos caudais públicos será así un criterio tallantemente exixido”.

A crise e as exixencias de Europa a España para reducir o enorme burato económico producido pola mala e dilapidadora xestión financeira enfrontaron, dunha parte, a implantación de recortes en todos os ámbitos que impactaron contra o Estado do Benestar e, doutra, coa realidade de defraudadores tanto públicos como privados. Ao mesmo tempo, os discursos políticos comezaron a utilizar de forma habitual o termo de “austeridade”, nun pulso entre líderes políticos competindo –polo menos verbalmente– pola defensa da austeridade. Así, o 27 de xaneiro de 2010, Rodríguez Zapatero declaraba que “o plan de austeridade do Goberno non afectará aos gastos sociais: o recorte afectará aos gastos correntes de todas as administracións públicas, pero non se tocarán as partidas destinadas a educación, atención ás persoas dependentes, pensións e prestacións por desemprego”.

O mesmo termo foi utilizado por Mariano Rajoy, presidente nacional do PP e sendo candidato á Presidencia do Goberno, quen defendeu o 25 de outubro de 2011, durante o acto de clausura do XIV Congreso Nacional do Instituto de Economía Familiar celebrado en Valladolid, a promesa de que, se gañaba as eleccións, impulsaría nos primeiros tres meses do seu mandato “un pacto territorial pola austeridade e a eficiencia, unha estratexia nacional que poña fin a duplicidades e solapamentos entre administracións”. Xa como presidente do Goberno, o 26 de abril de 2012 declaraba: “a política de austeridade non é de Angela Merkel (...) a mi non me custa nada facer este discurso de austeridade, porque é o que defendín sempre (...) por iso fixemos os orzamentos máis austeros da democracia”.

Con frecuencia, o termo “austeridade” aparece unido ao de “sustentabilidade”, como por exemplo no discurso do presidente Rodríguez Zapatero, que, tras anunciar o Plan de austeridade en Davos, en xaneiro de 2010, se presenta ante o Congreso dos Deputados o 12 de maio de 2010 para informar da reunión extraordinaria do eurogrupo en relación co rescate de Grecia e a situación dos mercados financeiros, expondo que “nos sentimos plenamente vinculados ao Plan de estabilidade e crecemento europeo e non concibimos unha recuperación económica sostida e sustentable no noso país que non se basee nunhas contas públicas saneadas, (...) mantemos o esforzo de austeridade que aprobamos no mes de xaneiro”, e tamén incluíu as medidas acordadas na Lei de economía sustentable, rematando cunha mensaxe contraditoria: “cando conclúo a miña intervención, son consciente de que moitos cidadáns non entenderán que, precisamente cando o Goberno lles está a anunciar que se iniciou xa a recuperación da nosa economía e estamos empezando a saír da crise, precisamente agora lles pida máis esforzo, lles solicite máis compromiso, lles anuncie sacrificios”.

Ambos os dous termos, tamén os atopamos reunidos nas declaracións do presidente do Goberno, Mariano Rajoy, o 16 de maio de 2012, ao instar a Bruxelas a dar “unha mensaxe clara, contundente, en defensa do proxecto do euro e unha afirmación en favor da sustentabilidade da débeda pública de todos os países europeos que neste momento está sometida a discusión”, tras recordar que o seu goberno “vai seguir coas políticas que está a levar a cabo de austeridade e reformas” e precisar que “o debate que hai en Europa sobre austeridade e crecemento non ten sentido porque ambas as dúas cuestións son compatibles e complementarias”. En canto á opción da intervención, afirmou que “diso non se falou nada, absolutamente nada” e insistiu na necesidade de que “no seo da UE se sigan levando a cabo políticas de austeridade e crecemento” (16 de maio de 2012, bis).

Tamén o termo “austeridade” aparece unido ao termo “transparencia” (que se trata no seguinte apartado). Nun discurso pronunciado polo presidente do Goberno Mariano Rajoy, o 19 de abril de 2012 na Universidade Sergio Arboleda de Bogotá, afirmou ter “unha receita de éxito insuperable nunha acción de Goberno que conxuga reformas económicas con xustiza social, aplicando o mesmo tempo transparencia, rigor e austeridade no goberno do público”: a utilización da expresión “éxito insuperable” une un termo positivo de credibilidade (transparencia) cun negativo de sacrificio (austeridade) ao que engade a mensaxe esperanzadora (éxito).

Pero a austeridade cebouse coa sociedade causando a miseria en moitos fogares, levando a cabo recortes nos ámbitos sociais, subindo impostos e diminuindo o gasto público.

4.3 Transparencia

A crise, a corrupción e a fenda xerada pola perda de comunicación e a falta de confianza do cidadán nas institucións e, por conseguinte, no Estado de Dereito, provocan que os políticos inclúen o termo “transparencia” nos seus discursos.

Así, para tranquilizar a opinión pública ante escándalos de corrupción nos seus respectivos partidos, Mariano Rajoy, presidente do Goberno e do PP, na súa intervención ante o Comité Executivo Nacional do PP o 2 de febreiro de 2013 e ante o escándalo Bárcenas, defendeu “a transparencia total de todo o que persoalmente me afecta, por suposto, e do que afecta ao partido e aos seus dirixentes”. Igualmente, este termo foi utilizado polo grupo político Podemos, o cal para as eleccións europeas de 2014 presentou un decálogo de compromisos en que anunciaba que “se habilitarán informacións de doado acceso e mecanismos de transparencia”. Tamén Pedro Sánchez desde 2014, novo secretario xeral do PSOE, no seu discurso no Congreso do 27 de xullo de 2014 expresou: “Se prometemos transparencia, somos transparentes e por iso imos publicar trimestralmente en internet as contas do partido”; e en distintos actos nos meses de marzo e abril de 2015 presumiu de que o PSOE “é o único partido que asinou un convenio coa ONG Transparencia Internacional”.

A necesidade de dotar de marco xurídico as promesas de transparencia ofrecidas o 25 de setembro de 2011 polo líder do PP Mariano Rajoy conduciu a que en 2012 se presentase o anteproxecto de Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que entre outras cuestións se enfronta á crise derivada da realización de gasto sen crédito suficiente por parte de entidades públicas, sancionando esta práctica de xeito que se reforce a transparencia da actividade pública e se favoreza o acceso á información desta actividade, aprobándose posteriormente a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

5 TERCEIRA PARTE. ESPECIAL REFERENCIA Á LEI DE TRANSPARENCIA

5.1 A transparencia como norma

A transparencia é un conxunto de normas que recoñecen que a información en posesión das entidades públicas ou de ámbito privado que utilizan fondos públicos é un ben de dominio público ao que o cidadán ten dereito de acceder baseándose noutros dous dereitos recollidos na Constitución española de 1978: o de libre expresión e o de información. A falta de transparencia institucional non só é sinónimo de carencia de democracia e de comunicación co cidadán,

senón tamén de opacidade e de ocultación de datos. En España houbo que esperar ata o 9 de decembro de 2013 para ter unha Lei de transparencia, aínda que tardou case un ano en ser operativa.

Varios políticos formularon se é posible un mundo con transparencia total e se hai dificultade para que o sexa nun 100% e, en todo caso, convén decidir cal sería o limiar axeitado ou ampliar o actual. Unha proposta moi estendida é que o Goberno non ten por que ser propietario da información, senón que esta pertence ao pobo e, polo tanto, debe facerse pública –baseándose no principio *in dubio pro libertate* ou doutrina do primado da liberdade– e non restrinxila a unhas elites políticas, económicas e sociais. Esta obxectividade ante todos equiparouna Carl Schmitt en 1931 a unha concepción do Estado como instrumento técnico que funciona como aparato estatal da xustiza e da Administración como empresa burocrática que está á “disposición de calquera usuario con idéntica obxectividade e tecnicidade, ao servizo de todos os cidadáns, con indiferenza do contido do que comunican, sempre que o usuario se ataña ás súas normas de uso” (Carl Schmitt, 1991).

Non obstante, cabe preguntarse e vixiar se con esta positivización tan só se logra transparencia nas formas, pero non no fondo: documentos que inclúen principios demasiado imprecisos, procedementos pouco eficientes e a utilización dunha burocracia xa de por si desbordada e desbordante para o cidadán que asume a percepción de que nin ten accesibilidade nin participación nas decisións públicas. En todo caso, a proximidade co cidadán do parlamentario español –que deba ser o voceiro das súas inquietudes– deixa moito que desexar e non adoita atender propostas ou preguntas da poboación, o que favorece a opacidade na información.

5.2 Apoio xurídico da transparencia

O que, como dixemos, forma parte da transparencia, e que comprende o acceso a documentos con informes que están en posesión das entidades públicas competentes ou de ámbito privado que utilizan fondos públicos, é un dereito que aparece recollido na Sentenza do Tribunal Constitucional 138/1996, do 16 de setembro, a cal interpreta que “declaramos que o exercicio da liberdade de información se xustifica en relación coa súa conexión en asuntos públicos de interese xeral polas materias a que se refiren e polas persoas que nelas interveñen”, aínda que recoñece que o dereito ao honor constitúe un límite a esta liberdade.

A perda de credibilidade nas institucións onde se manifestaron comportamentos presuntamente ilícitos leva á necesidade de dotar de marco xurídico as promesas políticas de transparencia, e o 25 de novembro de 2011, o líder do Partido Popular (PP), Mariano Rajoy, asegurou que nos seus primeiros cen días no Goberno aprobaría unha Lei de transparencia e cambios nos organismos reguladores que endurecería as responsabilidades dos políticos que gastasen sen aval orzamentario. Así, o 26 de marzo de 2012 publícase o Anteproxecto de Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (ALT), que, entre outras cuestións, se enfrenta á crise derivada da realización de gasto sen crédito suficiente por parte de entidades públicas, sancionando esta práctica de maneira que se reforce tanto a transparencia da actividade pública como que se favoreza o acceso á información desta actividade. Houbo que esperar ata a posterior Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LT), cuxo obxecto non só pretende garantir o acceso á información relativa á actividade pública, senón tamén establecer as obrigas de bo goberno, que deberán cumprir as

administracións públicas e entidades vinculadas a elas, incluídos partidos políticos, sindicatos, entidades privadas subvencionadas e sociedades mercantís participadas en máis dun 50%.

O artigo 13 da LT entende por “información pública” os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dos suxeitos obrigados e, fundamentalmente, todas as administracións públicas no exercicio das súas funcións. Iso favorece, segundo o preámbulo da LT, que “os cidadáns poidan xulgar mellor e con máis criterio a capacidade dos seus responsables públicos e decidir en consecuencia; facendo posible unha mellor fiscalización da actividade pública contribúese á necesaria rexeneración democrática”. É dicir, a transparencia favorece o empoderamento dos cidadáns, xa que lles permite o acceso á información e a opción de participar nos procesos de elaboración de políticas públicas. A dita transparencia é necesaria na democracia, pois a opacidade e a ocultación de datos poden favorecer a corrupción no seo dos poderes públicos.

Laila Freivalds, que foi ministra de Xustiza de Suecia, no Seminario sobre apertura e transparencia nas institucións europeas do 22 de novembro de 1995, presumiu que o seu país desde o ano 1766 ten recoñecidos os principios de acceso público aos documentos oficiais e de protección a quen proporcione información aos medios de comunicación, afirmando que todos os funcionarios públicos se saben observados polos cidadáns e este convencemento contribúe a que a corrupción sexa menor e facilítalles ás persoas a participación no proceso de adopción de decisións, o cal aumenta a lexitimidade democrática destas. En España, no ámbito da Administración pública, a pesar da implantación da Lei 4/2007, do 3 de abril, de transparencia das relacións financeiras entre as administracións públicas e as empresas públicas, e de transparencia financeira de determinadas empresas, a Comisión Europea levou este país ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea o 23 de marzo de 2007 por non aplicar na súa totalidade a normativa comunitaria (reclamada desde marzo de 2005) (García Añón, 2012).

Non obstante, non podemos pensar que todos os países que xa posuían lei de transparencia son paradigmas de bo funcionamento, pois a aceptación xeneralizada da transparencia non implica que sempre se cumpra (véxase o caso de México, en García Añón, 2008). Por exemplo, no Reino Unido descubriuse, tras a Lei de liberdade de información do ano 2000, que se producira malversación de fondos; ou o caso dos Estados Unidos, cuxa lexislación na materia foi aprobada en 1966 durante a presidencia de Lyndon B. Johnson, ou a creación en 2009 do Goberno aberto baixo a presidencia de Obama, que non lograron impedir que se destapasen secretos e que espionaxes non éticas quedasen ao descuberto a través de Edward Snowden ou do creador de WikiLeaks, Julian Assange; ademais doutros feitos graves que os gobernos esconden, ou non investigan, por diversos intereses. Pero tamén dentro do perímetro europeo atopamos prácticas fraudulentas levadas a cabo por redes de empresas que se dedican ao intercambio de bens e servizos que, aproveitando a falta de harmonización fiscal e ausencia de transparencia, lles permite o non pagamento do IVE.

Cómpre engadir que a diferenza entre o regulado e a realidade tamén existe en institucións que se consideran exemplo de desenvolvemento, como é o caso dalgúns procedementos da Unión Europea, pois, aínda que o Consello de Europa teña recoñecido o dereito de transparencia no Convenio Europeo de Dereitos Humanos, as súas actuacións, cara ao cidadán, móstranse opacas, complicadas e baseadas en distintas interpretacións do caixón de xastre dos seus propios estatutos e normativa. En canto á facilidade de acceso a datos da Unión Europea –tendo en conta a súa experiencia sobre conflitos de intereses entre os países membros e con máis

de 40.000 *lobbies*–, lonxe de ser un modelo de referencia, resulta escura e a súa páxina de inscrición no Rexistro de Transparencia é altamente disuasoria pola súa dificultade, ademais de excepcións polas que non afecta ás igrexas, nin aos partidos políticos, nin ás autoridades locais, rexionais e municipais, mentres que a solicitude de acreditación no Parlamento Europeo só dura 12 meses e é preciso recoller a tarxeta en Bruxelas ou en Estrasburgo.

En España, os medios de comunicación destaparon presuntos delitos económicos e fiscais en partidos políticos (por exemplo, na Generalitat Valenciana hai persoas públicas condenadas por suborno, prevaricación e falsidade documental que seguen exercendo os seus cargos en espera da decisión do Tribunal Supremo) e invéstiganse posibles fraudes protagonizadas por sindicatos por derivar subvencións destinadas a impartir cursos a outros fins non declarados. Haberá que preguntarse de que serve o feito de coñecer sobre faltas e delitos cometidos sen a aplicación dos correspondentes correctivos, xa que a percepción da poboación reflectida nalgúns enquisas é a existencia de impunidade fronte á corrupción e de insuficiente seguridade e igualdade xurídica; e a regulación, lonxe de satisfacer as exixencias sociais, resulta tan só entendible por avogados que defenden imputados nestes casos obtendo dilacións por parte da autoridade xudicial que poden chegar á súa prescrición.

A LT, malia as súas carencias, aspira a suplir deficiencias das leis existentes. Todo iso amplíase no cadro de avaliación que se inclúe no anexo ao texto.

5.3 Referencia á lexislación galega sobre transparencia

A Comunidade Autónoma de Galicia conta desde 2006 cunha lei de transparencia: a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, disposición xa derogada que tiña en conta a participación da cidadanía nos asuntos públicos, sendo aprobada no marco do artigo 13.2 do Estatuto de Galicia.

Esta lei de 2006 ten entre os seus puntos positivos a brevidade da súa exposición, pero que á vez compila ámbitos similares a leis máis modernas. Os dereitos aquí recollidos das persoas á información podían tamén consultarse nunha páxina web (con carácter meramente informativo e non vinculante para a Administración actuante), ademais da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Posteriormente, a nova Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, achega escenarios como a prohibición da posesión de fondos en paraísos fiscais por parte de altos cargos, o cal tivo e segue tendo un amplo eco nos medios de comunicación. E é que hai que recoñecer que os *mass media* achegaron luz en ámbitos opacos en que o Goberno non investigara nin perseguira delitos relacionados.

Esta lei actual é moi ampla e recolle a maior parte dos supostos que poidan producirse, aínda que a súa redacción prolíxa pode suscitar dúbidas acerca do seu cumprimento.

6 A MODO DE CONCLUSIÓN

En todo caso, o cidadán-receptor da propaganda política é ata certo punto e en parte consentidor das mentiras que lle dirixen, pois, como dicía Maquiavelo na súa obra *O Príncipe* –que citamos ao principio deste traballo– ao referirse ao papa Alexandre VI: “Non fixo xamais outra cousa que enganar os demais, pensando incesantemente nos medios de inducilos a erro e atopou sempre ocasións de podelo facer”.

Por outro lado, a falta de transparencia dos líderes políticos e entidades públicas e o insuficiente control de actividades presuntamente ilícitas conduciron España a un dos seus peores momentos económicos e xeraron a decepción e a indignación dos votantes, que ven nos seus líderes –aos cales lles outorgaron lexitimidade para xestionar e administrar os recursos públicos– que, lonxe de cumpriren o prometido durante as campañas electorais, mostran unha realidade moi distinta en que elementos como a corrupción están presentes nos tres poderes, minando as bases da propia democracia e sen que se manifeste unha clara vontade política para atallar o problema onde se produce, sendo á fin o cidadán ao que se lle fan pagar as malas consecuencias destas actuacións.

Vimos que a práctica da transparencia vai ligada á democracia e á rendición de contas. Agora ben, se os sistemas democráticos se rexen principalmente polas decisións do partido ou partidos políticos que alcanzan o poder tras unhas votacións lexitimas, o habitual é que intenten impor os seus intereses traducidos na implantación de políticas públicas que non van ser do gusto de toda a poboación, entre outras razóns, porque a repartición de bens escasos beneficiará a uns e prexudicará a outros.

En canto á rendición de contas, vén definida entre dous actores “onde un informa, explica e xustifica as súas accións a outro que ten a capacidade legal para sancionalo” (Khemvirg Puente, 2012); agora ben, os cidadáns ¿que poder teñen para sancionar o Goberno? Porque, máis alá de emitir o seu voto cada catro ou cinco anos, só lles queda a esperanza da iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei, a pesar de que polo menos 500.000 persoas a acreditaron e, ademais, non procederá en materias propias de lei orgánica, tributarias, nin de carácter internacional (artigo 87.3 da CE).

Outro factor que cómpre engadir é que hai que diferenciar entre as leis (contidas no Estado de dereito), a legalidade (como vontade do seu cumprimento pola cidadanía) e a lexitimidade (non só en canto á aceptación da poboación, senón tamén en canto á participación desta na elaboración de decisións públicas), pois non sempre o legal é lexítimo e, cando isto sucede, a falta de ética social que resulta favorece a corrupción nos servidores públicos, que chega a contaxiar a cidadanía (Martí Capitanachi, 2011).

Ademais, os discursos e as axendas dos decisores públicos teñen moitas anotacións acerca de facer cumprir a transparencia, pero iso non sempre se traduce na súa verdadeira posta en marcha.

Por último, hai que comentar que a preocupación pola aparencia e a manipulación sempre estivo ligada á política e que os facedores de imaxes seguen a traballar en indicadores e elementos capaces de suscitar respostas emotivo-positivas nas persoas. E a pesar de que a perda de valores leva consigo a falta de empatía e, polo tanto, de solidariedade, logran atopar motivos que, ben de forma masiva ou individual, movan os resortes da emotividade, convivindo ao mesmo tempo coa realidade recollida na popularizada frase: “os únicos valores que quedan en España son os da Bolsa, e incluso estes non valen nada”.

O seguimento no cinema quedou reflectido en numerosas películas con guións extraídos da propia realidade. Facendo un breve percorrido pola memoria, citaremos o argumento de *1984* (Michael Radford, 1984), onde un traballador do Ministerio da Verdade se encarga de modificar as noticias que son publicadas co fondo do Gran Irmán adoutrinando permanentemente a poboación co lema “a guerra é a paz, a liberdade é a escravitude, a ignorancia é a forza”. Esta focalización da atención nun tema irreal, creado artificialmente para darlle cohesión á vontade

dos cidadáns, tamén está tratado n' *A cortina de fume* (Barry Levinson, 1997), que é o termo empregado para definir un invento cara ao que desviar a atención da xente para evitar que se fixe nun verdadeiro feito que se pretende ocultar. Así mesmo, a invención dun conflito para tapar un escándalo é tratado en *Idus de marzo* (George Clooney, 2011), en que un director de comunicación presencia os métodos extremos empregados por un candidato que se presenta ás eleccións primarias do Partido Demócrata. Os instrumentos que facilitan dirixir a vontade do cidadán son recollidos no cinema aínda que sexa en escenarios tan artificiais como en *Pleasantville* (Gary Ross, 1998), onde o alcalde arenga os seus cidadáns con frases populistas como “afrontaremos isto xuntos” co fin de que as persoas coloreadas en branco e negro evitasen o xurdimento doutras cores e non cambiasen a “súa verdade” establecida. A aceptación do público cara a estes filmes é tamén un indicativo de que é consciente de polo menos unha parte dos enganos que intentan seducir a vontade do cidadán.

7 BIBLIOGRAFÍA

- Durandín, Guy (1990): *La mentira en la propaganda política y en la publicidad* / 2.ed. Edit. Paidós, Barcelona.
- Easton, David (1979): *Esquema para el Análisis Político*. Edit. Amorrortu. Buenos Aires.
- Ferraz Esteves de Araújo, J. F.: “Da nova Gestão Pública à nova Governação Pública: pressões emergentes da fragmentação das estruturas da Administração Pública”, en Silvestre e Araújo: *Administração Pública*. Escolar Editora, Lisboa, 2013.
- García Añón, María. Algunas publicaciones citadas y relacionadas con la materia:
- *Política del medio ambiente. Análisis de parámetros internacionales para una política integradora en materia de medio ambiente. Instrumentos políticos, jurídicos, económicos, energéticos y tecnológicos*. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións (1995).
- *La Evaluación: teoría y práctica; presente y futuro*. Sociedad Española de Evaluación (2006).
- *Evaluar la eficiencia de la rendición de cuentas en la Administración de Justicia*. AECPA (2007).
- “Evaluación de políticas públicas y nueva Ley de agencias estatales para la mejora de los servicios públicos” (*La evaluación y su metodología-evaluación de la Administración de Justicia*). UNED (2008).
- “Una Evaluación de la corrupción en materia de Justicia” (con la participación de Pía Iglesias, magistrado). *Encuentros multidisciplinares*. Universidade Autónoma de Madrid (2011).
- “Acceso del ciudadano a la Justicia como un derecho constitucional y evaluación de la Administración de Justicia y de la calidad de las resoluciones” (con la participación de Pía Iglesias, magistrado). *RIPS*. Universidade de Santiago de Compostela (2012).
- Khemvirg Puente: “La transparencia legislativa local en México”, 2012 en AA. VV.: Martí Capitanachi (Coordinadora). Instituto Veracruzano de Acceso a la Información: *Temas selectos de transparencia y acceso a la información*. México, 2011.
- Herreros Arconada, Mario (1989): *Teoría y técnica de la propaganda electoral*. Promocións e Publicacións Universitarias. Barcelona.
- Kirchheimer, Otto (1966): “The Transformation of the Western European Party System” in La Palombara, Joseph, *Political Parties and Development*, Edit. Sage.
- Organización Demócrata Cristiana de América (2006): *Manual de Campaña Electoral*. Fundación Konrad-Adenauer-Stiftung, Arxentina.
- Schmitt, Carl: *El concepto de lo político*. Alianza Editorial, S.A. Madrid, 1991.
- Sommermann, Karl-Peter (2010): “La Exigencia de una Administración transparente”, in García Macho (ed.); Barnes Vázquez et al. (2010): *Derecho administrativo de la información y administración transparente*. Marcial Pons. Madrid.

8 HEMEROTECA

As datas que aparecen citadas no texto correspóndense ás seguintes publicacións:
26 de novembro de 2008.- *Libertad Digital*

- 23 de novembro de 2009.- *Diario de Navarra*
- 27 de novembro de 2009.- EFE
- 16 de xuño de 2011.- *Cinco Días*
- 25 de setembro de 2011.- EFE
- 25 de outubro de 2011.- Europa Press
- 19 de abril de 2012.- *El Mundo*
- 26 de abril de 2012.- *El País*
- 16 de maio de 2012.- Expansión.com
- 16 de maio de 2012 (bis).- *La Razón*
- 18 de xuño de 2012.- *El Economista*
- 03 de decembro de 2013.- *El País*
- 19 de marzo de 2014.- *El Revolucionario Digital*
- 16 de marzo de 2015.- ABC

9 ANEXO. AVALIACIÓN DA LEI DE TRANSPARENCIA

Convén avaliar a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en canto ao seu contido (comentado a través de indicadores) e ao seu desenvolvemento. Así mesmo, analízanse os puntos fortes e débiles que poden favorecer ou impedir a súa eficiencia cara á súa aceptación por parte da poboación e o seu cumprimento por parte dos decisores públicos e funcionarios.

LEI DE TRANSPARENCIA

- *Constitución española do 27 de decembro de 1978: CE.*
- *Anteproxecto de Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, do 26 de marzo de 2012: ALT.*
- *Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: LT.*

| INDICADOR | COMENTARIO / AVALIACIÓN |
|--|--|
| Base normativa da LT (véxase máis normativa na bibliografía) | <ul style="list-style-type: none"> - Constitución española de 1978. - Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico. - Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. - Modificación da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. - Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. - Modifica a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado. - Directiva 2003/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información medioambiental. Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á sutzista en materia de medio ambiente. - Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental. - Lei 11/2007, do 22 de xuño, comunitaria, para acceso electrónico aos servizos públicos. - Lei 37/2007, do 16 de novembro, comunitaria, destinada ao uso privado de documentos en poder do sector público. - Convenio do 18 de xuño de 2009 do Consello de Europa, sobre acceso a documentos públicos. - Tribunal da Unión Europea, Caso T-233/09 Access Info Europe, Council of the European Union. - Modifica a Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo. - Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, en canto ás infraccións derivadas do seu incumprimento. |

| INDICADOR | COMENTARIO / AVALIACIÓN |
|-----------------------------|--|
| Duplicidade | <ul style="list-style-type: none"> - Xa existía normativa relativa ao dereito de acceso, anterior á publicación da LT, como por exemplo a Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico, que establece no seu artigo 57 a consulta dos documentos constitutivos do patrimonio documental español. - Tamén é necesario recordar neste sentido a Lei 4/2007, do 3 de abril, sobre transparencia das relacións financeiras entre as administracións públicas e as empresas públicas, e a Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria. |
| Suxeitos obrigados | <ul style="list-style-type: none"> - Segundo os artigos 2.f) e 3.a) da LT, inclúese a Casa da súa Maxestade o Rei, os partidos políticos e sindicatos, que non previa o ALT. Tamén, entre outros, o Congreso dos Deputados, o Senado, o Tribunal Constitucional e o Consello Xeral do Poder Xudicial, así como o Banco de España, o Consello de Estado, o Defensor do Pobo, o Tribunal de Contas e o Consello Económico e Social, por seren todos eles receptores de fondos públicos. Entre as persoas con responsabilidade pública, cítase tamén o alto persoal militar das Forzas Armadas. - No Convenio do Consello de Europa sobre o acceso aos documentos públicos (18.06.2009), que considera a importancia da transparencia de autoridades públicas nunha sociedade democrática e pluralista, no seu artigo 1 defínese como "autoridades públicas": 1) o goberno e administración a nivel nacional, rexional e local; 2) os organismos lexislativos e autoridades xudiciais, en canto realizan funcións administrativas segundo a normativa nacional propia; 3) as persoas naturais ou xurídicas cando exercen como unha autoridade administrativa; 4) organismos lexislativos no que concirne ao resto das súas actividades; 5) autoridades xudiciais no que concirne ao resto das súas actividades; 6) persoas naturais ou xurídicas que realizan funcións públicas ou actúan financiadas con fondos públicos, segundo a normativa nacional propia. |
| Organismos que se crean | <ul style="list-style-type: none"> - Consello de Transparencia e Bo Goberno. - Colaboración coa Axencia Española de Protección de datos. - Portal da Transparencia: tras a publicación da LT, o 05 de marzo de 2014, o Goberno anunciou que impulsaría o portal electrónico da transparencia pública. Para iso, o secretario de Estado de Relacións coas Cortes, José Luis Ayllón, e o secretario de Administracións Públicas, Antonio Beteta, asinaron un acordo para pór en marcha o portal de transparencia a cargo da Dirección Xeral de Modernización Administrativa, Procedementos e Impulso da Administración Electrónica, integrada na Secretaría de Estado de Administracións Públicas. - <i>INSTITUCIÓNS PÚBLICAS AFECTADAS</i> Casa da Súa Maxestade o Rei Congreso dos Deputados Senado Tribunal Constitucional Consello Xeral do Poder Xudicial Consello de Estado Defensor do Pobo Tribunal de Contas Banco de España Consello Económico e Social - <i>OUTROS ORGANISMOS</i> Comisión da Unión Europea |
| Independencia / dependencia | <ul style="list-style-type: none"> - Aínda que o artigo 33.2 da LT afirma que o Consello de Transparencia e Bo Goberno actúa con autonomía e plena independencia no cumprimento dos seus fins, en cambio, o artigo 37.1. da LT, expón que o seu presidente será nomeado por proposta do titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas logo da comparecencia da persoa proposta para o cargo ante a Comisión correspondente do Congreso dos Deputados, o cal evidencia a súa dependencia. - Hai que sinalar que o presidente do Tribunal Supremo é proposto polo Consello Xeral do Poder Xudicial (artigo 123 da Lei orgánica do poder xudicial), e tamén sobre cuestións de dependencia se suscitaron críticas por parte da Audiencia Nacional e polo Tribunal Supremo á reforma da Lei orgánica do poder xudicial. |
| Accountability | <ul style="list-style-type: none"> - Malia que a LT inclúe a Casa Real, o rei goza dunha blindaxe xurídica, avalada polo artigo 56.3 da CE, o cal afirma que a súa persoa é inviolable e non está suxeita a responsabilidade, o que supón privilexios que poden ocultar a transparencia, xa que dificulta e podería chegar a impedir a investigación e a sanción de posibles actos ilícitos |

| INDICADOR | COMENTARIO / AVALIACIÓN |
|----------------------|---|
| | <p>penais. Non obstante, o 19 de xuño de 2014, no seu discurso de proclamación, o rei Filipe VI incluíu a vontade de transparencia para o seu mandato, aínda que a Xoán Carlos I se lle concede aforamento a pesar de non posuír ningún cargo tras a súa abdicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A falta de igualdade respecto ao resto de cidadáns tamén se produce polo aforamento que cobre máis de 10.000 aforados en España, gran parte dos cales son xuíces e maxistrados. Ademais, o Tribunal Supremo que vulga os aforados adoita tardar moito en resolver os casos, coa conseguinte falta de transparencia que iso supón para o coñecemento do proceso. - O artigo 71.1 da CE recoñécelles aos deputados e aos senadores a inviolabilidade polas opinións manifestadas no exercicio das súas funcións. Cómpre engadir que iso se refire á liberdade do deputado na tribuna, polo que non debe ser perseguido, pero máis alá desta protección implícita no cargo non é necesario o seu aforamento. - Respecto aos partidos políticos, o texto do Proxecto de Lei orgánica de reforma da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, incluídas as súas fundacións, xa consideraba a obriga de facer públicas as súas contas. - Aínda que a LT inclúe os partidos políticos e os sindicatos, o cal non prevía o ALT, é de temer que poidan existir outros pagamentos que non queden reflectidos nin na súa contabilidade nin no informe sobre os soldos oficiais. Hai que citar mesmo casos de persoas con cargos públicos con grandes sumas de diñeiro en paraísos fiscais. - Se ben as administracións públicas deben dar a coñecer os seus bens inmoebles, non acontece o mesmo co seu patrimonio. - Se non pode haber suficiente información para utilización da cidadanía, tampouco esta pode coñecer nin exixir a axeitada rendición de contas. |
| Control | <ul style="list-style-type: none"> - O feito de que o cidadán teña acceso á información non implica garantía de transparencia, nin control desta nin dos seus axentes: os datos son incompletos no que se refire a diferentes sectores, e os actores implicados gozan a miúdo de salvagarda. - Por outra banda, recorrer contra a demora da información ou o silencio administrativo negativo non sempre é doado (véxase o indicador “Facilidade de acceso”). |
| Facilidade de acceso | <ul style="list-style-type: none"> - Aínda que o artigo 105 da CE non integra o dereito de acceso á información como un dereito fundamental, pódese considerar incluído no dereito á liberdade de expresión, que si ten ese tratamento. De feito, o artigo 20 da CE considera como dereito fundamental recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión sen que se poida restrinxir mediante ningún tipo de censura previa. - A LT debería ter unha redacción en que se especificasen coa maior concreción posible cales son os “documentos públicos”, xa que a súa definición de ser toda a información rexistrada de calquera forma, elaborada ou recibida, e en posesión das autoridades públicas, pode resultar xenérica para o seu acceso, sobre todo cando se apliquen as excepcións e límites do seu articulado. - O artigo 18.1 a) da LT expón que non se admitirán a trámite as solicitudes que se refiran a información que estea en curso de elaboración. En cambio, nos artigos 35.a e 37.8 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), expónse o dereito dos interesados a acceder aos expedientes administrativos, en calquera momento, para coñecer o estado da súa tramitación, podendo mesmo obter copias e certificados dos documentos contidos neles. - A solicitude de información é un proceso en que o interesado é quen debe facerse cargo de, polo menos, unha parte del ao levar a cabo a súa petición, creándose un “<i>feedback</i>” en que o <i>solicitante xera unha entrada e a Administración produce unha saída ao responderlle cun servizo</i>. A totalidade deste proceso pode chegar a aumentar excesivamente o traballo burocrático, polo que a LT debería explicitar os límites en que a Administración colaborará e lle prestará axuda ao demandante de información e o resto dos aspectos de que deberá ocuparse o interesado. - O <i>artigo 4</i> do Regulamento (CE)1049/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2001, relativo ao acceso do público aos documentos do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión, expón que –salvo que a súa divulgación revista un interese público superior– as institucións denegarán o acceso a un documento cuxa divulgación supoña un prexuízo para a protección da intimidade e a integridade da persoa, en particular sobre a protección dos datos persoais e os intereses comerciais dunha persoa física ou xurídica, incluída a propiedade intelectual; hai que engadir que a Proposta de Regulamento do 21 de marzo de 2011, do Parlamento Europeo e do |

| INDICADOR | COMENTARIO / AVALIACIÓN |
|--|--|
| | <p>Consello, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1049/2001, non estableceu cambios nesta materia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O artigo 5.5 da LT expón que toda a información será comprensible, de acceso doado e gratuito e estará á disposición das persoas con discapacidade nunha modalidade subministrada por medios ou en formatos adecuados, de maneira que resulten accesibles e comprensibles, conforme o principio de accesibilidade universal e deseño para todos, pero non especifica eses medios. - Con cifras de 2013, preto do 70% dos fogares españois ten conexión de banda larga a Internet, pero máis do 30% carece desta opción para poder acceder a información. - Por outra parte, a facilidade de acceso ao Rexistro de Transparencia da Unión Europea –ao contrario do que invoca– non se pode cualificar de sinxela: ten seis lentos pasos con recadros de obrigada cobertura en que o cidadán ten que cubrir todos os seus datos, e onde se pregunta a razón pola que se quere inscribir, o que contradí numerosa normativa que asegura o acceso libre e sen necesidade de especificar o porqué. De feito, hai un apartado “por que consultar o Rexistro” que dá pé a un novo buscador coa conseguinte perda de tempo que supón duplicar o esforzo do interesado. Tamén o mecanismo de presentar unha denuncia fai repetir unha e outra vez todos os datos. - Os datos que ofrece o Portal de Transparencia son insuficientes e é habitual que ás nosas preguntas nos transmita como única resposta “Non se atoparon resultados para a busca”. |
| Límites | <ul style="list-style-type: none"> - Os límites que pon a LT, como por exemplo a seguridade nacional, para casos moi importantes debe especificar a duración de tempo en que a información será retida e diferenciar se a dita ocultación de datos obedece verdadeiramente a intereses nacionais e non a intereses de empresas privadas. - A pesar de que a Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental, recolle no seu artigo 43 o acceso á información, os artigos 9 e 10 do ALT e o artigo 14.1 l) da LT restrinxen o dereito de acceso á seguridade pública e ao medio ambiente. Cabe recordar que hai casos en que a transparencia na información pública ten que ser prioritaria, poñamos como exemplo a Convención acerca da pronta notificación sobre accidentes nucleares (ratificada por España en Viena o 26 de setembro de 1986), que no seu artigo 2.a) obriga o país que tivese un accidente nuclear a notificar de inmediato, directamente ou por conduto do Organismo Internacional da Enerxía Atómica, a súa natureza e o momento e o lugar exacto en que se produciuse; pois ao contrario diso, cando cinco meses antes, o 26 de abril de 1986, aconteceu o accidente da Central Nuclear de Chernóbil, a evacuación da poboación non se puxo en marcha ata seis días despois, polo que o silencio das autoridades da URSS provocou moitas mortes, e tivo que ser Suecia quen primeiro dese a voz de alarma. Así mesmo, a prol da seguridade pública, pódense ocultar datos de danos ao medio ambiente, menosprezando a propia seguridade colectiva e a calidade de vida. - En materia de seguridade, segundo o Acordo do Consello de Ministros do 15 de outubro de 2010, e conforme a Lei 48/1978, do 07 de outubro, que modifica a anterior Lei 9/1968, do 15 de abril, reguladora dos segredos oficiais, inclúe como os ditos segredos: estratexias de negociación política, de seguridade, económicas e comerciais; información de España relativa a conflitos internacionais ou internos; información sobre grupos terroristas, delincuencia organizada, tráfico de armas, persoas e drogas; despregamentos das Forzas Armadas e Corpos de Seguridade do Estado; negociacións sobre secuestros e extradición de condenados; mediación con países terceiros e grupos da oposición; protección de dereitos humanos; temas de asilo e refuxio; beneplácito de xefes de misión españois e estranxeiros; temas relacionados coa soberanía e a independencia territorial; acordos bilaterais sobre seguridade e defensa; datos sobre crimes de transcendencia internacional; viaxes de autoridades do Estado; material criptográfico. Ademais, clasifícanse como reservadas as seguintes materias: entrevistas con mandatarios estranxeiros; xestións de licitacións de empresas españolas no exterior; candidaturas españolas a cargos en organismos internacionais. |
| Dereito ao honor á intimidade persoal e á tutela xudicial efectiva | <ul style="list-style-type: none"> - O artigo 18.1 da CE garante o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. - Baseándose na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o artigo 15.3 d) da LT pretende a maior garantía dos dereitos dos afectados en caso de que os datos contidos no documento poidan afectar á súa intimidade ou á súa seguridade. - O artigo 4 do Regulamento (CE)1049/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2001, relativo ao acceso do público aos documentos do Parlamento Europeo, |

| INDICADOR | COMENTARIO / AVALIACIÓN |
|--|---|
| | <p>do Consello e da Comisión, expón que –salvo que a súa divulgación revista un interese público superior– as institucións denegarán o acceso a un documento cuxa divulgación supoña un prexuízo para a protección da intimidade e a integridade da persoa, en particular sobre protección dos datos persoais e os intereses comerciais dunha persoa física ou xurídica, incluída a propiedade intelectual; é necesario engadir que a Proposta de Regulamento do 21 de marzo de 2011, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1049/2001, non estableceu cambios nesta materia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Na actualidade está claro que o dereito á transparencia ten un rango inferior –e, polo tanto, debe supeditarse– ao que ampara o honor, a intimidade persoal e a propia imaxe, agás se existe un interese público que prevaleza sobre a privacidade, e neste sentido pronunciouse a Sentenza 292/2000, do 30 de novembro de 2000, do Tribunal Constitucional, por Recurso de inconstitucionalidade respecto dos artigos 21.1 e 24.1 e 2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, avalando a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, que no seu artigo 9 defende a tutela xudicial fronte ás intromisións ilexítimas aos citados dereitos. - Por iso, é preciso respectar o valor do dereito á privacidade, pois a intromisión nel equivale a desprotexelo, no sentido en que se pronunciou o Tribunal Constitucional, na Sentenza 11/1981, do 8 de abril, afirmando que “se supera ou se descoñece o contido esencial cando o dereito queda sometido a limitacións que o fan impracticable, o dificultan máis alá do razoable ou o despoñan da necesaria protección”. - Lamentablemente, existen filtracións sobre información de persoas e casos depositados nos xulgados, e a través dos medios de comunicación chegan ata o público en xeral, que os coñece antes de que se levante o segredo do sumario, podendo contaminar a opinión dun xurado popular (García Añón, M.). |
| Posibilidade de se opor á difusión de datos persoais | <ul style="list-style-type: none"> - Non <i>terían por que ser</i> os interesados que desexen oporse os que deban iniciar a petición de baixa e a cancelación das informacións que lles atinxen, formulación esta que lles pode orixinar certa indefensión, tendo tamén en conta o <i>artigo 30 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, que admite a recompilación de enderezos, repartición de documentos, publicidade, venda a distancia, prospección comercial e outras actividades análogas, con fins de publicidade e de prospección comercial, o cal, coa difusión da utilización de Internet, os datos persoais poden aparecer en calquera parte, mesmo manipulados e falseados</i>; en todo caso, a cantidade e a velocidade a que se difunden os datos, tanto por vía electrónica como por outros medios de comunicación, fan moi difícil inspeccionar o uso que se lles dá a estes. - As novas tecnoloxías aplicadas á información abren unha porta que pon en dúbida a seguridade de garda e respecto dos datos persoais: ademais dos medios electrónicos a través dos que <i>hackers</i> do mundo enteiro penetran e violentan información privada da poboación, tamén se pode citar o sistema biométrico en mans de gobernos e mesmo de empresas que teñen capacidade para manipular e controlar os datos biométricos que, a xeito de identificación alternativa ás pegadas dos dedos (todas distintas e únicas), poden chegar a ser utilizados para prácticas fraudulentas, como por exemplo ligándoos con gran facilidade a unha conta corrente e mesmo solicitar os nosos datos fiscais. A súa característica –igual que a pegada– de non variar ao longo do tempo favorece que os ditos datos poidan ser utilizados para fins diferentes dos meramente identificativos. Por outra banda, ao tratarse dunha tecnoloxía que mide o corpo, afecta á intimidade do cidadán, ao cal inicialmente se lle pide a súa opinión para compartir esta información, pero non se lle di como a van usar e o alcance en que se vai desenvolver, co que a carencia dese coñecemento lle imposibilita poder oporse á práctica mencionada; polo mesmo, é difícil que a xente proteste porque se soliciten estes datos da súa persoa, xa que en contrapartida lle ofrecen beneficios, como, por exemplo, non ter que esperar no paso dunha alfándega. |
| Intercambio e reutilización de información | <ul style="list-style-type: none"> - A Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente, de dereitos e obrigas, non impide que a figura do copagamento no aboamento de medicamentos, ao estar en función da renda, sexa coñecida polo persoal sanitario e farmacéutico, ademais do cruzamento de datos médicos co persoal de Facenda. Así mesmo, o acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, segundo a Lei 11/2007, do 22 de |

| INDICADOR | COMENTARIO / AVALIACIÓN |
|-------------------------------------|--|
| | <p>xuño, tamén permite o intercambio de datos entre as administracións, ben que a historia do paciente é secreta, tal como se declara na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A reutilización ou o uso de documentos que constan en poder dos órganos da Administración xeral do Estado e os demais organismos e entidades do sector público estatal aparece recollida no Real decreto 1495/2011, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público estatal, por persoas físicas ou xurídicas, con fins comerciais ou non comerciais, sempre que ese uso non constitúa unha actividade administrativa pública; e tamén no mesmo sentido está a Directiva 2003/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro, e o artigo 3.1 da Lei 37/2007, do 16 de novembro. - A Sentenza 292/2000 do Tribunal Constitucional declaraba inconstitucional a cesión de datos entre administracións (véxase Colisión). |
| Claridade | <ul style="list-style-type: none"> - A diferente normativa non acouta de forma clara onde remata a protección do dereito á intimidade e á privacidade que teñen as persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á súa libre circulación, o que fai tamén borroso coñecer cal é o espazo reservado a terceiros para acceder á información de datos que poidan supor unha inxerencia no mencionado dereito á privacidade. Iso tamén afecta á inconcreción da redacción do ALT e da LT. - Ante a aparente confusión citada en canto aos datos que non deban sacarse da esfera privada e os que poidan facerse públicos, imponse a necesidade de que o órgano administrativo competente estude con detalle caso a caso, ponderando a prevalencia entre privacidade ou acceso aos datos das persoas e avaliar onde procede facilitar a información a un terceiro interesado e se para iso existe permiso do suxeito da dita información. A xeito de exemplo, podemos citar o Tribunal de Xustiza Europeo, que, baseándose no principio de proporcionalidade, o 9 de novembro de 2010 sentenciou a favor dun agricultor que demandou o Estado de Hesse por obrigar a persoas físicas que se beneficiaran de axudas de fondos agrícolas europeos a publicar os seus datos de carácter persoal para coñecer os períodos en que as percibirán (asuntos acumulados C-92/09 e C-93/09); hai que comentar sobre esta sentenza que protexe máis o honor e a intimidade das persoas físicas que os das xurídicas. |
| Resposta / Resolución | <ul style="list-style-type: none"> - O artigo 30.2 do Anteproxecto de Lei foral da transparencia e do goberno aberto de Navarra expón que, “se no prazo máximo previsto para resolver e notificar non se recibise resolución expresa, se entenderá estimada a solicitude”, ao contrario que o artigo 20.1 da LT, o cal afirma que a resolución que conceda ou denegue o acceso se lle deberá notificar ao solicitante; en cambio, considera o silencio administrativo negativo no seu punto 4, afirmando que co devandito silencio na notificación pode entenderse que a solicitude foi desestimada. - O dito <i>silencio administrativo negativo é contrario ao Informe ás Cortes Xerais</i> (1984) do Defensor do Pobo de España: “a Administración pública no ámbito local tende con gran facilidade a non contestar os escritos presentados polos cidadáns, escusándose no instrumento xurídico do artigo 94 da Lei de procedemento administrativo e forzando os cidadáns a acudir ao contencioso-administrativo”, é dicir, ao cidadán que queira seguir adiante só lle quedará recorrer aos tribunais e pagar os custos correspondentes. |
| Prazos | <ul style="list-style-type: none"> - Os prazos para resolver a solicitude deben ser máis favorables para o cidadán que reclama información, xa que o artigo 17 do ALT e o artigo 24 da LT fixan o prazo de notificación ao interesado sobre a resolución en que se conceda ou denegue o acceso á información no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver. - En canto aos documentos clasificados, os cidadáns descoñecen feitos e razóns de sucesos que supuxeron un fito, a pesar do cal non teñen data para a súa desclasificación. |
| Transparencia financeira e bancaria | <ul style="list-style-type: none"> - Os escándalos financeiros que se evidenciaron en España foron tanto nos ámbitos públicos como nos privados, xerando unha situación de crise tanto económica como de perda de credibilidade cidadá nas institucións. Por iso, as medidas de transparencia non só deben exixir responsabilidade para controlar o déficit, senón que tamén deben encamiñarse a atallar esta corrupción en ambas as dúas esferas, aparecendo unha inclusión no artigo 28 da <i>Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira</i>: “os bancos, caixas de aforros e demais entidades financeiras, así como as distintas administracións públicas, remitirán os datos necesarios, na forma |

| INDICADOR | COMENTARIO / AVALIACIÓN |
|-----------|--|
| | <p>que se determine regulamentariamente”, e así mesmo “o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas manterá unha central de información, de carácter público, que provea de información sobre a actividade económico-financeira das distintas administracións públicas”.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Hai que recordar que o 17 de maio de 2012 o presidente do Goberno, Mariano Rajoy, con motivo do Día de Internet, expuxo a súa intención de “promover a rede como instrumento de transparencia para que todo o mundo poida coñecer que fai, en que inviste o diñeiro do contribuínte, cales son as decisións que toma e por que o fai”. Así, o Ministerio de Economía e Competitividade debe informar de datos certos a investidores, impositores e cidadanía en xeral sobre a situación real económica e bancaria (recórdanse os moitos preitos motivados polo engano aos clientes sobre os produtos financeiros de “participacións preferentes” promovidas por Bankia). - Por outra banda, convén aplicar a transparencia en anteriores e novas contas, xa que a amnistía ou regulación fiscal concedida polo Goberno para que vexan a luz pública foi un fracaso, pois só aflorou unha pequena parte do capital que non fora declarado, sendo a recadación bastante menor que a prevista; ademais, a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, expón no seu artigo 180.1 que o contribuínte que regularice a súa situación tributaria non está libre de que Facenda estime que poida haber infracción constitutiva de delito contra a Facenda Pública “mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme, teña lugar o sobresemento ou o arquivo das actuacións ou se produza a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal”, polo que non queda garantida a exoneración penal absoluta. |
| Colisión | <ul style="list-style-type: none"> - A LT non debe colidir coa protección que recolle o artigo 18 da Constitución española ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, nin tampouco coa protección de datos de carácter persoal. O artigo 10 do Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, expón que este tipo de datos unicamente poderán ser obxecto de tratamento ou cesión se o interesado prestase previamente o seu consentimento para iso. Pero, ao mesmo tempo, cita unha ampla lista de casos nos cales os datos de carácter persoal poderán tratarse sen necesidade do consentimento do interesado, o que pode producir a súa indefensión; neste sentido, a Sentenza do Tribunal Constitucional 292/2000, do 30 de novembro, declarou inconstitucionais os artigos 21 e 24 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no relativo á cesión que fai o cidadán ás administracións públicas, cuxa utilización pode vulnerar a garantía de intimidade do interesado. - Posible contradición co carácter laxo da Lei orgánica 1/2014, do 13 de marzo, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, relativa á xustiza universal que liberou os narcotraficantes e, en cambio, na disposición derradeira sexta da LT, que modifica a Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, recolle que as sancións financeiras establecidas polas resolucións do Consello de Seguridade das Nacións Unidas relativas á prevención, supresión e financiamento do terrorismo, e á prevención, supresión e disrupción da proliferación de armas de destrución masiva e do seu financiamento, que serán de obrigada aplicación para calquera persoa física ou xurídica. |
| Sancións | <ul style="list-style-type: none"> - No título II da LT, no seu artigo 25.1, no ámbito da Administración xeral do Estado, responsabilízase os membros do Goberno, os secretarios de Estado e o resto dos altos cargos da Administración xeral do Estado e das entidades do sector público estatal, de dereito público ou privado, vinculadas ou dependentes daquela, a aplicar disposicións relativas ao bo goberno, ben que o artigo 25.3 da LT expón que a dita aplicación aos suxeitos mencionados non afectará, en ningún caso, á condición de cargo electo que puidesen posuír. Esta redacción complementábase co artigo 30.4: “os sancionados pola comisión dunha infracción moi grave serán destituídos do cargo que ocupen salvo que xa cesasen, e non poderán ser nomeados para ocupar ningún posto de alto cargo ou asimilado durante un período de entre cinco e dez anos”. - Nas sancións recollidas no artigo 27 do ALT e no artigo 29 da LT, que formula as infraccións disciplinarias no caso de que puidesen ser constitutivas de delito, cabería citar dalgunha forma e como referencia os artigos 404 a 445 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que no seu título XIX, sobre delitos contra a Administración pública, recolle entre outras materias a infidelidade na custodia de documentos e da violación de segredos, o suborno, o tráfico de influencias, a malversación, a prevaricación dos funcionarios públicos e outros comportamentos inxustos. |

| INDICADOR | COMENTARIO / AVALIACIÓN |
|-----------------------------|--|
| Terminoloxía | <p>- <i>Terminoloxía 1: Mencionar só “principio de eficiencia” é suficiente.</i>- Tanto no artigo 23.2.1 do ALT como no artigo 26.2 a) da LT, figuran como principios éticos e de bo goberno: “Actuarán con transparencia na xestión dos asuntos públicos, de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e co obxectivo de satisfacer o interese xeral”. Propoño a substitución desa frase por: “Actuarán con transparencia na xestión dos asuntos públicos, de acordo co principio de eficiencia para tratar de conseguir os mellores obxectivos posibles e co fin de satisfacer o interese xeral”, xa que é unha redundancia xuntar os tres termos, pois o termo “eficiencia” inclúe o de “eficacia” (conseguir os obxectivos) e o de “economía” (ao menor custo posible).</p> <p>- <i>Terminoloxía 2: Cómpre matizar o termo respecto á condición de “interesado” na procura dunha harmonización de conceptos.</i>- A disposición adicional primeira tanto do ALT como da LT expón que “a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte dos que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren nel”. Iso parece contradicirse co artigo 17 da LT, en que se di que o solicitante non ten obriga de incluír os motivos polos que solicita a información e, polo tanto, ¿como queda demostrado que é parte interesada? Neste aspecto, talvez conveña disociar o termo “interesada” como sinónimo de “interese”, e substituílo polo de “solicitante da información” ou facer só referencia ao termo de “solicitante”.</p> <p>- <i>Terminoloxía 3: Hai que matizar os termos “imparcialidade” e “independencia”.</i>- O artigo 23 do ALT e o artigo 26 da LT, ao referirse ás persoas e entidades do sector público estatal, deberán observar no exercicio das súas funcións “o principio de imparcialidade, de modo que manteñan un criterio independente e alleo a todo interese particular”. Entre elas, atópase o Consello Xeral do Poder Xudicial, que segundo o artigo 122 da Constitución é o órgano de goberno dos xuíces e garante a súa independencia. Pero como a Lei orgánica 2/2001, do 28 de xuño, sobre composición do Consello Xeral do Poder Xudicial, modificou o artigo 112 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, reformando o procedemento de elección de vogais procedentes da maxistratura, que establecía a elección polas Cortes a partir dunha lista de 36 candidatos presentados polas asociacións de xuíces, e tras pacto entre o PP e o PSOE, acordouse a repartición de nove vogais para cada grupo, un a CiU e outro ao PNV, polo que desde distintos foros de xuristas se denunciou a politización e a dubidosa independencia do Consello. Tamén se atopa no seu ámbito de aplicación o Tribunal Constitucional –que se debe pronunciar acerca dos recursos de inconstitucionalidade presentados, algúns deles de importante calado e repercusión social–; entre o PP no Goberno e o PSOE na oposición, pactan cotas de poder e “reparten” entre eles os maxistrados de acordo co artigo 159.1 da Constitución e o artigo 16 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional (coas modificacións das leis orgánicas 6/2007 e 1/2010); o dito acordo “garante”, á súa vez, que os maxistrados propostos alcancen o voto favorable da maioría cualificada do Congreso.</p> |
| Participación e publicidade | <p>- Convén levar a cabo unha avaliación e o conseguinte diagnóstico acerca do que poida supor a implementación do texto da LT. Así, o Ministerio da Presidencia realizoulles unha sondaxe aos cidadáns a través da páxina web www.leydetransparencia.gob.es (equivalente a unha avaliación <i>focus group</i>) e contou ademais coa opinión de expertos (equivalente a un DELPHI): ambos os dous métodos son suficientes para presentarles aos decisores públicos unha perspectiva dos apoios e das críticas que van recibir e das alternativas existentes para minimizar os puntos débiles.</p> <p>- Pero, segundo a miña experiencia como avaliadora chamada como experta polo Instituto de Estudos Políticos e Sociais-Ministerio do Goberno da Presidencia, que me permitiu participar no ALT para a redacción da LT, non aproveitou, na miña opinión, as achegas que se realizaron, nin tampouco fixo público o común denominado das 3.700 propostas enviadas durante 15 días polos cidadáns a través da páxina web do Ministerio da Presidencia, nin dos expertos que colaboramos.</p> |
| Prospección | <p>- No momento actual, malia haber unha mellora forzada pola lexislación, aínda falta cultura da transparencia no seo de partidos políticos e da Administración pública.</p> <p>- O ideal sería que discusións sobre problemas políticos se levasen a cabo en reunións abertas e non a porta pechada. Pero a realidade é que, de facerse así, o debate podería chegar a ser irrelevante, simplemente pola imaxe que os políticos quixesen presentar ante os medios de comunicación, o cal, ás veces, lles importa máis que o intercambio de pareceres.</p> |

| INDICADOR | COMENTARIO / AVALIACIÓN |
|-----------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> - A nivel europeo, hai documentos que se manteñen en segredo porque iso pode prexudicar a relación entre os países que estean afectados: trátase de non perturbar as regras do "club". - Outra cuestión é que se logren harmonizar as distintas normativas sobre transparencia que existen tanto en distintos países europeos como no ámbito nacional e autonómico. |

Cadro (na súa totalidade).- © María García Añón, 2014

LEXISLACIÓN UTILIZADA E MENCIONADA NO CADRO

- Constitución española do 27 de decembro de 1978.
- Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.
- Informe ás Cortes Xerais. Publicacións do Congreso dos Deputados. Secretaría Xeral. Serie Informes. 1984.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Convención sobre a pronta notificación sobre accidentes nucleares (ratificada por España en Viena o 26 de setembro de 1986). Rexistro de Tratados e Outros Acordos Internacionais Relativos ao Medio Ambiente, 1993.
- Estatuto do Valedor do Pobo Europeo (DO L 113 do 4.5.1994).
- Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Recurso de inconstitucionalidade n.º 1463-2000, interposto polo Defensor do Pobo, contra os artigos 21.1 e 24.1 e 2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Sentenza 292/2000, do 30 de novembro de 2000, do Tribunal Constitucional, por recurso de inconstitucionalidade respecto dos artigos 21.1 e 24.1 e 2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Regulamento (CE) n.º 1049/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2001, relativo ao acceso do público aos documentos do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión.
- Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.
- Regulamento (CE) n.º 1049/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2001, relativo ao acceso do público aos documentos do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión.
- Lei 10/2001, do 13 de xullo, de arquivos e documentos.
- Directiva 2003/98/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro.
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.
- Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).
- Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos.
- Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público estatal por persoas físicas ou xurídicas con fins comerciais ou non comerciais.
- Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2007/C 303/01). *Diario Oficial das Comunidades Europeas* C 364/1.
- Versión consolidada do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, do 9 de maio de 2008 (2008/C 115/01).
- Convention du Conseil de l'Europe sur l'accès aux documents publics (2009). Council of Europe Convention on Access to Official Documents. Tromsø.
- Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional. Texto consolidado e integrado coas modificacións introducidas polas leis orgánicas 8/1984, 4/1985, 6/1988, 7/1999 e 1/2000 e con expresión particularizada das reformas conforme as leis orgánicas 6/2007, do 24 de maio, e 1/2010, do 19 de febreiro.
- Proposta do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1049/2001, sobre o acceso aos documentos do Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión COM(2011) 137 final. Bruxelas, 21 de marzo de 2011.
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.
- Real decreto 1495/2011, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, para o ámbito do sector público estatal.
- Lei orgánica 2/2011, do 28 de xaneiro, pola que se modifica a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral.
- Proxecto de Lei orgánica de reforma da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, 2012.

- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Anteproxecto de Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, do 26 de marzo de 2012.
- Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Convention du Conseil de l'Europe sur l'accès aux documents publics (2009). Council of Europe Convention on Access to Official Documents. Tromsø.